

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2026 NO CIFP A FARIXA

PRIMEIRA. O concurso de disfraces celebrarase o xoves, 12 de febreiro, no patio do instituto, de 10:30 a 11:30 horas.

SEGUNDA. Poderá participar no concurso todo o alumnado matriculado no centro no presente curso.

TERCEIRA. Para participar haberá que tirar unha fotografía diante do photocall que estará situado na parte cuberta que está pegada á cafetaría. Haberá que subir esta fotografía a algunha das redes sociais (Facebook, Instagram ou TikTok) do EDLG (“dinamizafarixa” en redes) coa etiqueta **#entroidofarixa26** e enviala ao correo dinamizafarixa@farixa.es indicando nome, apelidos, curso e ciclo. (O alumnado que non teña perfís en redes sociais só enviará a fotografía ao correo de dinamizafarixa).

CUARTA. As fotografías serán subidas ao drive de “dinamizafarixa” para que se poida proceder á votación do mellor disface.

QUINTA. As persoas participantes no concurso dan o seu consentimento para que as fotografías do concurso sexan empregadas nas redes sociais do centro.

SEXTA. O premio consistirá nun vale de 30 euros para cambiar por material informático, de papelería ou librería e/ou deportivo dalgún dos provedores do centro.

SÉTIMA. O EDLG resérvase o dereito a revisar a elección popular do disface gañador se a opción escollida non ten en conta os principios propios dun centro educativo (igualdade e non discriminación, respecto polos demais...).

OITAVA. Nas votacións haberá que valorar os seguintes criterios, dando prioridade a disfraces relacionados coa cultura galega, orixinais e feitos:

- O disface é feito ou mercado.
- O disface é orixinal.
- O disface garda relación coa cultura galega.

NOVENA. A persoa gañadora recibirá unha comunicación en persoa o mesmo xoves. De non estar no centro, o premio pasaría ao seguinte disface máis votado (e así sucesivamente).

En Ourense, a 29 de xaneiro de 2026.

O coordinador
do EDLG:

Diego Bustillo de la Fuente